

Ordenanza fiscal nº 7 – Taxa por autorizacións administrativas de vehículos de aluguer

Artigo 1.- Feito imposable

Constitúe o feito imposable a actividade municipal desenvolvida con motivo da prestación dos servizos que en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer, se sinalan:

- Concesión e expedición de licenzas.
- Autorización para transmisión de licenzas, cando proceda o seu outorgamento.
- Autorización para substitución de vehículos afectos a licenzas, ben sexa este cambio voluntario ou por imposición legal.
- Revisión ordinaria ou extraordinaria dos vehículos.
- Permiso municipal de conducir. Entenderase prestado o servizo cando se practique a correspondente proba, aínda que se denegara a súa concesión por falla de aptitude do interesado.

Artigo 2.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que soliciten, provoquen o no interese das que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 3.- Cota tributaria.¹

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas seguintes tarifas:

Concesión e expedición de licenzas de autotaxis	6.948,00 €
Concesión e expedición de licenzas de Servizos Públicos de Transporte Lixeiro e Vehículos de carga	786,50 €
Transmisións de licenzas entre vivos	6.948,00 €
Transmisións de licenzas por causa de morte	2.914,00 €
Substitución de vehículos	56,50 €
Revisión vehículos	123,00 €
Renovación e permiso municipal de condutor	33,00 €

Artigo 4.- Devengo

Devéngase a taxa no momento en que se outorgue a licenza ou se presten os restantes servizos previstos nesta ordenanza.

Artigo 5.- Xestión

- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O pagamento da autoliquidación deberá ser efectuado con antelación á retirada da licenza ou documento acreditativo dos servizos realizados.
- A prestación dos servizos previstos nesta ordenanza, a excepción da revisión de vehículos, solicitarase por medio de instancia dirixida a Alcaldía, achegando os documentos que, en cada caso sexan esixibles.
- A revisión dos vehículos practicarase de oficio e con carácter anual por parte dos servizos técnicos municipais nas datas que se determine.

Disposición final

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008 e 28/09/2010. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 29/09/2011. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

¹ Artigo modificado mediante acordo plenario de 29 de setembro de 2011. Publicado no BOP num 229, de 01/12/2011